

O PSdeG de Bóveda reclama ó Concello “solucións inmediatas” para eliminar a sucidade da auga da traída e garantir a súa calidade

Os socialistas denuncian que a auga sae moi turbia dende hai unha semana e piden ó goberno local que tome medidas xa: “Os veciños teñen dereito a ter nos seus fogares e negocios auga en boas condicións para consumila e usala para todo o que precisen, cando ademais tiveron que asumir unha suba enorme das taxas”

O PSdeG de Bóveda esixiu este luns ó Concello que adopte “solucións inmediatas” para eliminar a sucidade que presenta a auga da traída municipal dende hai unha semana e garanta a súa calidade. A voceira socialista no municipio, Carmen Macía, explicou que, tras preguntarlle ó alcalde en funcións no pleno do pasado luns por que a auga saía turbia, este contestoulle que se debía a unha avaría na rede de subministro, pero “unha semana despois seguimos igual, a auga sae moi sucia”. Ante esta situación, a concelleira reclama ó Goberno local “que tome medidas xa e arranxe con eficacia esta avaría, ou calquera que sexa o incidente ou problema que está a provocar a sucidade”.

A situación esixe unha resposta “canto antes” por parte do Concello, incidiu Carme Macía, porque “este é un servizo público básico, e os veciños teñen dereito a ter nos seus fogares e negocios auga en condicións para consumila e usala para todo o que necesitan, cando ademais tiveron que asumir este ano unha suba enorme das taxas. De feito, algúns usuarios teñen que pagar nalgúns casos ata 40 euros máis cada tres meses”.

A voceira lembra que este novo episodio que dana a calidade da auga da traída de Bóveda súmase ós problemas ocasionados hai unhas semanas coa contaminación do encoro de Vilasouto. Neste senso, cuestiona o interese do alcalde e o seu goberno en poñerlle fin a esta situación “ó rexeitar a nosa proposta de crear unha comisión municipal para abordar solucións, que non poden esperar, pois os veciños están preocupados e na súa gran maioría xa non utilizan a auga para o consumo, o que incrementa aínda máis os custos económicos que teñen que afrontar”.

Lugo, 2 de setembro de 2013

Saúdos,
Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo